

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 30 de xuño de 2006

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D^a. Lucía Molares Pérez
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D. José Manuel Couto Pérez

NON ASISTEN:

D. José Manuel Figueroa Vila
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Marta Iglesias Bueno

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte e oito minutos do día trinta de xuño de dous mil seis e baixo a presidencia da Excm^a. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1.-(826) RATIFICACIÓN DA URXENCIA

A Xunta de goberno Local ratifica a urxencia da sesión.

2.-(827) ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO NEGOCIADO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO EN DETERMINADOS AREAIS DE VIGO. EXPTE. 4154/306.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 30.06.06, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar á empresa Temperans & Animals, S.L. o procedemento negociado, do servizo de salvamento e socorrismo en determinados areais de Vigo por un importe de 123.000 euros, todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 19.06.2006 e a oferta presentada.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e trinta e oito minutos. Como secretaria dou fé.

Me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez.